

Professional Plant Protection
Volumen 5 nº 8, Junio de 2020
Volume 5 nº 8, June 2020

Guía práctica para o manexo integrado de pragas do cultivo do ciclame en contedor en clima atlántico

*Practical guide for integrated management of container
cyclamen pests in atlantic climate*

Artigo técnico – *Technical paper*

J.L. Andrés Ares¹ & R. Bastos Bermúdez²

¹ Consultorías Noroeste

² Consultora independente - *Independent consultant*



Guía práctica para o manexo integrado de pragas do cultivo do ciclame en contedor en clima atlántico.

Practical guide for integrated management of container cyclamen pests in atlantic climate.

J.L. Andrés Ares¹ & R. Bastos Bermúdez²

¹ Consultorías Noroeste

² Consultora independente – *Independent consultant*

Aprobado o 11/05/2020 – *Approved on 11/05/2020*

Artigo técnico – *Technical paper*

SICI – 2445-1703(20200630)5:8<101:GPPOMI>1.0;CD;2-I

Adscrito ao Proxecto PCN2023A2 – *Related to the Project PCN2023A2*

Resumo

No presente traballo os autores describen as técnicas máis adecuadas de manexo integrado de pragas a empregar nas explotacións do cultivo de ciclame en contedor de zonas con clima atlántico, baseándose na súa experiencia como consultores entomolóxicos nas explotacións deste cultivo de Galicia e do norte de Portugal.

Key words: pragas do ciclame, manexo integrado

Abstract

In the present paper the authors describe the most suitable techniques recommended for the control of pests in container cyclamen nurseries with atlantic climate, with the base of their experience as entomological consultants in Galician and Northern Portugal nurseries.

Key words: *cyclamen pests, integrated management*

1. Pragmas clave do cultivo do ciclame en clima atlántico

Tras máis de 10 anos de traballo como consultores entomolóxicos nos cultivos de ciclame, estes autores puideron constatar a presenza das seguintes pragas provocando dano económico nas explotacións de cultivo en contedor tanto de Galicia como do norte de Portugal, considerándoas pragas clave deste cultivo nas condicións de clima atlántico:

- *Otyorrhinchus sulcatus*
- *Thrips tabaci*

- *Aspidiotus neri*
- *Polyphagotarsonemus latus*
- *Autographa gamma*
- *Bradysia* spp.
- *Aulacorthum circumflexum*
- *Phytonemus pallidus*

Nesta guía describiranse as características máis importantes dos danos que provocan estas pragas, os aspectos de maior relevancia dos seus ciclos neste clima así como as medidas recomendables para conseguir un manexo